

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A :

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 24/06/2021, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa presentada polas empresas que participan no procedemento aberto suxeito a regulación armonizada convocado para a contratación do Subministro de reactivos para o laboratorio da Finca de Mouriscade.(Expte. 2021018564)*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno na sesión do día 21 de maio de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación armonizada, do *Subministro de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade*. O anuncio de licitación enviouse ó DOUE en data 24/05/2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de maio de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:



Empresas	CIF
BIOSER S. A.	A-08964884
GRUPO 3, S.L.	B-36769479
BIOMERIEUX ESPAÑA SAU	A-28664589
CIENTISOL S.L.U..	B-15869605
CIENYTECH SOLUCIONES S.L.	B-70508023

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, a vinte catro de xuño de dous mil vinte e ún.

